

FUNDAMENTOS LEGAIS QUE REGULAMENTAN OS APROVEITAMENTOS FORESTAIS

Referenza: Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galiza

- **Artigo 60**, regula os cambios de actividade forestal a agrícola. Fixa condicións en función das especies, superficie, idade e usos.
- **Artigo 61**, regula os cambios de actividade agrícola a forestal. Esixe o uso de frondosas caducifolias.
- **Artigo 67.4.**, establece a prohibición das reforestacións e novas plantacións con eucaliptos nas superficies poboadas por frondosas autóctonas, mesmo se foron queimadas.
- **Artigo 67.5.**, establece a necesidade dunha autorización para novas plantacións de eucaliptos superiores a 5 hectáreas.
- **Artigo 92**, establece as condicións (permisos e trámites) para a realización de cortas e outros aproveitamentos madeireiros.
- **Artigo 93**, relacionado co aproveitamento en masas consolidadas de frondosas autóctonas. No punto 1º establece a obriga de que a administración forestal rexistrará as masas de frondosas do anexo I cunha superficie redonda de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos.
- **Artigo 104**, establece o comercio responsable de produtos forestais e a loita contra a madeira ilegal.
- **Anexo I**, listaxe de árbores frondosas.
- **Anexo II**, das distancias mínimas que deben cumprir as novas repoboacións forestais.

A maiores a Lei de Costas (art. 47.3 do R.D. 876/2014 polo que se aproba o Regulamento de Costas), establece a prohibición de novas repoboacións nos 100 metros de policía da zona costeira con especies non autóctonas (entre elas os eucaliptos).

Anexo I

LISTAXE DE ESPECIES AUTÓCTONAS (literalidade da Lei 7/2012)

Coníferas:

Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.

Teixo: *Taxus baccata* L.

Fronchosas:

Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.

Bidueiro: *Betula* sp.

Freixo: *Fraxinus excelsior* L.

Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.

Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.

Castiñeiro híbrido: *Castanea x híbrida* (resistente tinta)

Cerdeira: *Prunus avium* L.

Carballo: *Quercus robur* L.

Cerquiño: *Quercus pyrenaica* Will.

Sobreira: *Quercus suber* L.

Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

Acíñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.

Quercus rotundifolia Lam.

Abeleira: *Corylus avellana* L.

Faia: *Fagus sylvatica* L.

Umeiro: *Ulmus glabra* Huds.

Ulmus minor Miller.

Loureiro: *Laurus nobilis* L.

Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.

Capudre: *Sorbus aucuparia* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Érbedo: *Arbutus unedo* L.



Anexo II

DISTANCIAS MÍNIMAS PARA NOVAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS

TIPO DE PREDIO	DISTANCIA MÍNIMA
Parcelas forestais	2 metros
Terreos en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
Zonas de labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4m para frondosas (anexo 1) 10m resto de especies
Dende o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4m para frondosas 10m resto de especies
Con pistas forestais principais	2m para frondosas 4m resto de especies 6m nos concellos de alto risco
Infraestruturas eléctricas: dende a proxección do condutor máis externo	5m para todas as especies
Con canles fluviais de máis de 2 metros de longo	5m para frondosas 15m resto de especies
Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizábel delimitado	
Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais a menos de 400m do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	15m para frondosas 30m resto de especies
Con cámpings, gasoleneiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte a Lei 1/1995 de protección ambiental de Galiza	25m para frondosas 50m resto de especies

MODELO DE DENUNCIA

D./D^a _____ con DI _____ en
representación de _____ *(caso de tratarse dunha entidade)*
con enderezo a efectos de notificación en _____ e
teléfono / mail de contacto _____,

EXPÓN

Na(s) parcela(s) _____ do
polígono(s) _____ do concello de _____, obsérvanse os seguintes
feitos: _____ *(describir polo miúdo os extremos denunciados achegando a máxima información
posíbel e incluíndo, de ser posíbel, datos de localización xeográfica -SIXPAC, CATASTRO, Google
Maps etc.- e incluír fotos)*

_____.

Esta situación incumpre o establecido no(s) artigo(s) _____ *(de non coñecerlos mencionar só a lei
7/2012 de Montes)* da vixente Lei de Montes de Galiza (Lei 7/2012 do 28 de xuño), polo que,

SOLICITA

A inspección dos feitos denunciados e a apertura do correspondente expediente sancionador
ao amparo da vixente Lei 7/2012 de Montes de Galiza. Ao mesmo tempo e como persoa
interesada, solicito se me informe das actuacións que se leven a cabo e, de ser o caso, a copia
do inicio do expediente sancionador.

En _____, ____ de _____ de 201__

Asinado,

XEFATURA TERRITORIAL DE MEDIO RURAL E MAR DE _____